



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE FEBREIRO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES

LAP/169/2019.- ALMACENAJE GALCOURIER, S.L.- Conceder licenza de obra nova de construción de nave destinada a almacén de mercancías na Vía Pasteur, 20B.

LIC/2045/2019.- ÓSCAR GARCÍA LÓPEZ.- Conceder licenza para realizar cambio de uso de trasteiro para ampliación de vivenda sita na rúa San Pedro de Mezonzo, 5 006 DR.

LIC/1178/2019.- MANUEL CASTRO DOPAZO.- Conceder licenza para mellora de accesibilidade en vivenda unifamiliar sita na Trva. da Susana, 14-16.

LIC/82/2019.- PABLO RODRIGUEZ SALVADO.- Conceder licenza para a legalización e rehabilitación dunha vivenda familiar sita na rúa Camiña Ameixaga, 3B.

LIC/413/2019.- METROVACESA.- Conceder licenza para construción de 49 vivendas unifamiliares adosadas na Rúa Peregrino Sector 1 SUNP-31 San Marcos.

LIC/1595/2017.- IVAN CARDOSO MAGALLANES.- Conceder licenza para a reforma da cuberta e cerramento lateral no inmovible sito na Rúa Outeiro Vello, 54.

PARCELACIONES/SEGREGACIONES/AGRUPACIONES

LIC/1439/2019.- JOSE LUIS BEIROA BARROS- Conceder licenza para realizar o parcelamento en LG Portela de Villestro, 56.

LIC/735/2019.- EUGENIO TURNES SOUTO- Conceder licenza para realizar a agrupación e parcelación no mesmo acto das fincas 2051 e 2052 da concentración parcelaria do Eixo, Marrozos, Santa Lucía 76-78.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obra nova de construción de nave destinada a almacén de mercancías na Vía Pasteur, 20 B. LAP/169/2019. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para realizar cambio de uso de trasteiro para ampliación de vivenda sita na rúa San Pedro de Mezonzo, 5 006 DR. LIC/2045/2019. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para mellora de accesibilidade en vivenda unifamiliar sita na Trva. da Susana, 14-16. LIC/1178/2019. Concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a legalización e rehabilitación dunha vivenda familiar sita na rúa Camiña Ameixaga, 3B. LIC/82/2019. Concédese a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para construción de 49 vivendas unifamiliares adosadas na Rúa Peregrino Sector 1 SUNP-31 San Marcos. LIC/413/2019. Concédese a licenza.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a reforma da cuberta e cerramento lateral no inmovible sito na Rúa Outeiro Vello, 54. LIC/1595/2017. Concédese a licenza.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para realizar o parcelamento no lugar de Portela de Villestro, 56. LIC/1439/2019. Concédese a licenza.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para realizar a agrupación e parcelación no mesmo acto das fincas 2051 e 2052 da concentración parcelaria do Eixo, Marrozos, Santa Lucía, 76-78. LIC/735/2019. Concédese a licenza.

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude ao Ministerio de Fomento da posta a disposición de terreos en A Brueira San Lázaro para poder destinalos á implantación e xestión dun aparcadoiro e superficie de uso público. Acórdase a realización da solicitude.

11 a 148.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre bens inmobles. Concédense os beneficios fiscais solicitados.

149.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas á concesión de exencións na taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Concédense as exencións solicitadas.

150.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación da solicitude de exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana á CONGREGACIÓN HIJAS DE JESÚS-PROVINCIA DE ESPAÑA. Denégase a exención solicitada.

151.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse os gastos e as correspondentes indemnización substitutivas a favor de: Trobeiro, SL, por importe de 19.300 euros, pola prestación do servizo da Escola Municipal de Música no mes de xaneiro; e varios provedores, por importe total de 108.978,83 euros, pola prestación dos servizos de mantemento de ascensores, subministración de gas e gasóleo, mantemento de copiadoras, mantemento de sistemas de climatización e limpeza en dependencias municipais.

152.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á convalidación do gasto derivado do compromiso de aportación económica polo convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e outros concellos para a delimitación do itinerario cultural a Santiago da ría de Muros-Noia. Valídanse as actuacións realizadas na tramitación administrativa do convenio e recoñécense as obrigas derivadas do referido gasto, a favor do Concello de Lousame, por importe de 1.488,48 euros.

153.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á resolución do recurso de reposición interposto pola empresa "TRALUSA", contra o acordo da sesión de data 28.6.17. Liquidación provisional servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros ano 2016. Acórdase estimar parcialmente o devandito recurso, fixando a cantidade a satisfacer á empresa en 130.312,65 euros, que se satisfarán á empresa no marco da liquidación da prestación do servizo.

154.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á resolución do recurso de reposición interposto pola empresa "TRALUSA", contra o acordo da sesión de data 29.6.18. Liquidación provisional servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros ano 2017. Acórdase estimar parcialmente o devandito recurso, fixando a cantidade a satisfacer á empresa en 134.950,04 euros.

155.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude á Deputación da Coruña dunha subvención para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante 2020. Acórdase solicitar unha subvención de 10.000 euros para o mantemento da Escola Municipal de Música.

156.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación de apertura dos prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na escola municipal de Música para o curso escolar 2020-2021. Apróbase a apertura dos devanditos prazos: preinscrición do alumnado de iniciación musical II, do 30 de marzo ao 3 de abril; renovación de praza de alumnado de música e movemento, PEX e PEPA, do 27 de abril ao 8 de maio; preinscrición para novo alumnado (1ª convocatoria), do 18 de maio ao 5 de xuño; sorteo 16 de xuño e publicación das listas provisionais a partir do 17 de xuño; exposición pública da relación definitiva a partir do 29 de xuño; e matrícula para admitidos/as, do 29 de xuño ao 6 de xullo.

157.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación de apertura dos prazos e do procedemento de admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Curso 2020-2021. Apróbase a apertura dos devanditos prazos: reserva de prazas e traslado do alumnado actual e dos/das traballadores das EIM, do 2 ao 11 de marzo; exposición da lista de reservas e prazas vacantes, 16 de marzo; solicitudes de novo ingreso, do 17 de marzo ao 17 de abril; publicación da lista provisional de admitidos/as e lista de agarda, entre o 4 e o 12 de maio; publicación da relación definitiva de admitidos/as e lista de agarda, entre o 27 e o 29 de maio; e matrícula do 1 ao 15 de xuño.

158.- Proposta da concelleira delegada de Políticas de Igualdade relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo FSE e polo pacto de Estado contra a violencia de xénero para 2020. Acórdase solicitar unha subvención de 46.000 euros para persoal do Centro de Información á Muller (CIM).

159.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á xustificación de subvencións de cooperación ao desenvolvemento para 2018 concedidas ao abeiro da convocatoria publicada no BOP de 7.9.18. Apróbanse as xustificacións.

160.- Proposta da concelleira delegada de Políticas de Igualdade relativa á adhesión ao protocolo de actuacións sobre delitos sexuais do partido xudicial de Santiago de Compostela. Apróbase a adhesión ao devandito protocolo.

161.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña para o festival ROSALIA 2020. Apróbase o convenio de colaboración e un basto por importe de 3.620,93 euros.

162.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Saúde relativa á aprobación do cadro de prezos para 2020 a aplicar nas obras da concesionaria VIAQUA. Apróbase o cadro de prezos.

163.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do plan de seguridade e de saúde no traballo, do proxecto de "Rexeneración do Monte de Viso". Apróbase o devandito plan.

164.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento do concelleiro de Compostela Aberta, don Jorge Duarte Vázquez, como representante suplente do Consello reitor do Auditorio. Apróbase o nomeamento.

165.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento da concelleira de Compostela Aberta, dona Branca Novo Rey, como representante da Fundación Refuxio de Animais, en substitución de don Jorte Duarte Vázquez. Apróbase o nomeamento.

166.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes do remate das actuacións de emerxencia no campo de fútbol das Cancelas pola caída do peche perimetral. Dáse conta do remate das obras, cuxo custo total foi de 32.596,98 (IVE incluído).

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativo a reaxuste de anualidades do contrato para a xestión da Escola Infantil de Meixonfrío-Salgueiriños. Apróbase o reaxuste, establecendo a cantidade de 267.116,16 euros para o gasto do servizo dende o 1 de xaneiro ao 31 de agosto de 2020, mantendo iguais os demais extremos do contrato.

2.- Proposta da concelleira delegada de Parques e Xardíns relativa á adxudicación do contrato "Concesión de uso privativo do dominio público municipal para a explotación da cafetería sita no parque Granxa do Xesto. Autorízase o uso privativo do devandito dominio para explotación de cafetería a Ricardo Alonso Salvado, que aboará ao Concello un canon anual de 5.250 euros.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á prórroga do prazo dos traballos de construción dun edificio de usos múltiples en Lavacolla. Acórdase ampliar o prazo para a execución dos devanditos traballos, polo que a nova data de finalización será o 8 de abril de 2020.